




XUNTA DE GALICIA  
DELEGACION TERRITORIAL  
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de  
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas  
Servizo de Conservación da Natureza

Edificio Admtvo. de Monelos  
Vicente Ferrer, 2 - 5º  
15071 A Coruña

galicia



**Asunto:** remisión información dos valores naturais

**Proxecto:** Concesión de explotación Emilita nº 1221, Ciudad de Llandró nº1454 e Ciudad de Masma nº 1445 que forman o grupo minero de Corcoesto.



**Referencia do solicitante:** CA/CO/007/11/01

Remítille información dos valores naturais do proxecto do epígrafe

A Coruña, 18 de xull do 2012

O Xefe do Servizo de Conservación da Natureza.

Asdo.: Carlos Gonzalo Muñoz Martínez



SUBDIRECCION XERAL DE ESPAZOS NATURAIS E BIODIVERSIDADE.



## INFORME TÉCNICO 0362/2012.

### **I. Asunto.**

Solicitud de información dos valores do medio natural do proxecto “Concesión de explotación de Emilita N°1 1221, Ciudad de Landrón 1454 e Ciudad de Masma n°1445, que forman o grupo minero Corcoesto”

Informe solicitado por A Subdirección Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade, Consellería do Medio Rural.

### **II. Localización de las obras.**

Cabana de Bergantiños, Coristanco, Ponteceso na provincia de A Coruña

### **III. Antecedentes.**

A Suddirección Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade solicita a remisión dos datos de interese dos valores do medio e posibles interaccións ambientais, na execución do proxecto de referencia, con data de rexistro de entrada 11 de maio do 2012.

Despois dos tramites e informes de campo necesarios se conocen coa suficiente precisión os valores naturais existentes e que poden resultar afectados pola realización da actividade.

### **IV. Descripción del proyecto.**

O proxecto define a actividade mineira de obtención de ouro a ceo aberto e lixiviación dinámica en tanques axitados. A superficie da explotación e de 771.000 m<sup>2</sup> na cortya norte e de 258.000 m<sup>2</sup> na corta sur. Na documentación presentada reflectese con precisión o proxecto, e se encontra un resume suficiente no documento de sistensis da EIA.

### **V. Afección a los recursos naturales.**

#### **V.1.- Recursos existentes.**

A concesión minera afecta a conca do Río Anllons, que constitúe o seu límite norte. Varios cursos de auga, que verten no río anllons, cruzan ou limitan a concesión mineira, como son ao leste o Rego De Loureiro e o Rego do Batán, e ao oeste o Rego de Santa Margarida.



Por tanto, o proxecto afecta ao LIC Río Anllons, ES 110065, xa que todas as augas verten neste río..

O LIC Costa da Morte (ES1110005), encontrase a uns 5 km ao oeste e augas abaixo da zona do proxecto.

A vexetación actual esta composta fundamentalmente por piñeiros e eucaliptos, e algún rodal pequeno de carballeiras. O matorral ten presenza de *Ulex europaeus*, *Ulex minor*, *Erica cinerea*, *Pteridium aquifolium*, entre outros.

Segundo os informes existente no Servizo, nas inmediacións da Capela de Santa Mariña, encontrase exemplares de rana patilonga (*Rana iberica* Boulenger 1879) e de Pintiga sacabeira (*Chioglossa lusitánica* Bocage 1864), catalogadas como vulnerables no Catalogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catalogo galego de especies ameazadas).

Existen na zona de influencia da explotación dous coutos pesqueiros: o coto de Verdes, e o coto de Carballo.

## V.II. AfECCIÓN A LOS RECURSOS NATURALES.

Ainda que os avances na seguridade destes tipos de explotacións, tanto no deseño de medidas como nos propios métodos de traballo e obtención dos produtos son notables, e que a exigencias da lexislación medio ambiental e o somentemento da explotación a un proceso de avaliación ambiental e a procesos de restauración do medio permiten correxir e minimizar impactos previsibles, *sempre existen riscos de accidentes que poden ter notables repercusións no medio natural.*

Os enormes movementos de terras a ceo aberto, a utilización de cianuro e de SO<sub>2</sub> ou metasulfito sódico no proceso, a extracción na explotación de metais e sulfuros da mina, as balsas de lodos de flotación e de lixiviación, os vertidos de augas resultantes do proceso en tributarios do Río Anllons, constitúen riscos evidentes de producir danos de moi difícil reparación no LIC Río Anllons (ES 110065) e o LIC Costa da Morte (ES1110005), e nos valores ambientais da comarca.

No proxecto utilízase o val do Rego Lourido como balsa de lodos, desviando o rego polo lateral da balsa ata unirse ao Rego do Batán uns 2.700 mts mais adiante. Na actualidade, no rego existen especies do habitat de interese comunitario 91EO\*.



### V.III. Medidas complementarias.

Non obstante, si que parece que existen aspectos do proxecto que , ademais dos xa establecidos, quizais poderían minimizar certos riscos de explotación, como son:

- o desvío do Rego Lourido deberíase facer fora das épocas de freza e cría das especies piscícolas.

- na construción do novo cauce deberíanse construír da maneira máis naturalizada posible, con remansos e rápidos dispostos sucesivamente, construción de frezaderos adecuados para as distintas especies inventariadas, e establecemento dun bosque autóctono de galería nas marxes.

- na balsa de lodos de lixiviación, non se estima a vida útil do encapsulamento planificado, nin se prevé un plan de seguimento e vixilancia da mesma.

- deberíanse situar medidores automáticos dos parámetros fundamentais da calidade da auga ( ph, oxígeno disuelto, turbidez...etc ) en todos os puntos de vertido de auga, con toma continua de datos e publicación a tempo real mediante páxina web e. Nestes puntos, deberían poderse tratar as augas, no caso de non cumprir os requisitos de calidade legais establecido na lexislación vixente.

- impermeabilización da nave de tratamento, almacén e zona de acopios de material de explotación, con tratamento das augas e unha balsa de capacidade suficiente como para reter vertidos accidentais.

- o anexo a Orde ARM/1783/2011 a actividade 6.2 extracción de minerais metálicos non férreos asignaselle un nivel de prioridade 3, e polo tanto, non se require neste momento un análise de riscos medioambientais nin a constitución dunha garantía específica para facer fronte a posibles danos. Dadas as características deste proxecto, deberíase realizar tanto o estudo como a constitución da garantía. Este aspecto, están contemplados no EIA a recomendación de adiantar ao calendario existido, e poder suscribir unha póliza de seguro ambiental adecuada.

A Coruña, 18 de xullo do 2012  
O enxeñeiro de montes



Asdo.: Jose J. Martel Muñoz-Cobos

O Xefe do Servizo

Asdo.: Carlos Gonzalo Muñoz Martínez